



Datos Do Expediente:

SUBVENCIONES		
Unidade Tramitadora:		
Servizos Sociais - RHM		
Número expediente:	Documento:	
PAR/2024/2	SSO18S03VU	
4013 333Z 6G5I 5647 0RGH		

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PUBLICA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONS E OUTRAS ENTIDADES DE ÁMBITO MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024

En aplicación do previsto no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia, en cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, conforme ao disposto nos artigos 8.3 e 5.2 das referidas leis, o Concello de Narón, a través da Concellería de Participación Cidadá, en consonancia co disposto na Ordenanza Municipal reguladora de concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, de data 26 de outubro de 2017, publicada no BOP nº 2 de data 3 de xaneiro de 2018, establece as seguintes normas reguladoras da concesión de subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro, que desenvolvan ou realicen actividades nas áreas que figuran como obxecto desta convocatoria.

Artigo 1.- Obxecto da convocatoria

A convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións para actuacións e programas realizados durante o exercicio 2024 que promovan e dinamicen a participación activa da veciñanza no tecido asociativo, nas seguintes áreas:

- Socioeducativa
- Sociocultural
- Igualdade
- Persoas con discapacidade
- Persoas con drogodependencias
- Infancia
- Inmigración
- Minorías étnicas
- Atención ás persoas maiores
- Participación cidadá
- Mocidade
- Medioambiental
- Saúde

As actuacións e programas subvencionadas rexeranse polas prescricións contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e deberán estar relacionadas cos fins da entidade.

Artigo 2.- Exclusiones

Non serán obxecto de subvención:

2.1.- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a organización de comidas e viaxes, que non promovan e dinamicen a participación cidadá veciñal no tecido asociativo.

2.2.- Os gastos establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

2.3.- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello.

Artigo 3.- Réxime de compatibilidade

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Será incompatible a concesión doutra subvención para o mesmo proxecto, por outra área ou concellería do Concello de Narón.

Artigo 4.- Procedemento de concesión

A concesión de subvencións á que se refire a presente convocatoria efectúase en réxime de concorrencia competitiva con subxección ao procedemento establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e no que non estea contemplado nela polo contido da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta subvención está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026, contribuíndo a acadar o obxectivo de conceder subvencións para actuacións e programas que promovan e dinamicen a participación activa da veciñanza no tecido asociativo en distintas áreas.

4.1.- O procedemento de concesión destas subvencións iniciárase de oficio, e incluírá necesariamente os seguintes trámites:

4.1.1. Convocatoria pública mediante acordo da Alcaldía, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que incluírá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.

4.1.2. Publicación da convocatoria no BOP, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade, os requisitos para formular as solicitudes, a oficina municipal onde se poden obter as bases da convocatoria, e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A convocatoria de subvencións deberá publicarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto das mesmas.

4.1.3.- A Base Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

4.1.4.- Presentación das solicitudes no modelo oficial da sede electrónica do Concello de Narón.

4.1.5.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase á formación do expediente individual de cada solicitude, comprobando que reúnen os requisitos da convocatoria, os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

4.1.6.- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación presentada, requirida no artigo 7, fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se admitirán as solicitudes nas que a entidade non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón no momento da presentación da solicitude, notificándose a resolución de arquivo do expediente.

4.1.7.- A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional realizado polo/a Técnico correspondente.

4.1.8.- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

4.1.9.- A composición da Comisión de Valoración estará constituída por:

- Presidente: o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue.
- Vocal: a/o Xefa/e do Servizo Sociocomunitario
- Vocal: un/unha Técnico/a de Xestión do Servizo Sociocomunitario
- Secretario/a: o/a Secretario/a da Corporación ou persoa en quen delegue.

4.1.10.- A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía, actividades que se subvencionan, así como o importe que deberá ser xustificado, e relación de solicitantes para os que se propón a denegación de subvención, e causas de denegación.

4.1.11.- O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver, e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios compren todos os requisitos necesarios para acceder á subvención.

Esta proposta de resolución conterá unha relación con todos os expedientes avaliados pola comisión de avaliación, proposta de resolución da subvención no sentido que proceda (concedida, denegada), actividades que se subvencionan e importe da subvención a conceder, así como o importe que deberá ser xustificado.

4.1.12.- Resolución da Alcaldía aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo de dez días desde que se adopte o acordo.

O prazo máximo para resolver será de seis meses contados a partir da data do acordo de inicio, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento

por tal causa, nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

4.1.13.- Aceptación por parte dos/as beneficiarios/as nun prazo de 10 días desde a notificación da resolución.

Transcorrido este prazo sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

4.1.14.- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei.

Remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas.

Artigo 5.- Contías máximas das subvencións. Aplicación orzamentaria e contía total da mesma.

As subvencións que se concedan na presente convocatoria efectuaranse con cargo ao orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2024, aplicación orzamentaria 9240.48001, ata un importe máximo de 33.277,76 €. A contía da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria será inferior a 3.000,00 €, non podendo superar o 80 % do orzamento de gastos presentados.

Para o caso de que a suma do importe a conceder resultante da valoración e das solicitudes ou concesións doutras axudas por organismos públicos ou entes privados superara o 100% do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

Artigo 6.- Destinatarios/as

Poderán solicitar as axudas as asociacións e institucións de carácter social e outras entidades sen ánimo de lucro, que reúnan os requisitos xerais esixidos no artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón. Deberán estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude e ter debidamente xustificadas as axudas ou subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello, se é o caso, e demais requisitos establecidos no artigo 3.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

Artigo 7.- Forma, Lugar, prazo, e documentación para a presentación de solicitudes

7.1.- Forma, lugar e prazo.

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, presentaranse xunto coa documentación correspondente na Sede electrónica do Concello de Narón.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no BOP.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, nin as aquelas nas que a entidade non cumpra co requisito esixido no apartado 3.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

7.2.- Documentación:

A solicitude, asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación o institución, segundo o modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

- Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
- Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Narón e cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude.
- Que nin a entidade nin o/a declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.
- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
- Que o persoal voluntario e/ou contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa "certificación negativa" do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.
- Que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.

Así mesmo, coa solicitude, deberán acompañar a seguinte documentación, segundo os modelos oficiais que figuran na Sede electrónica neste procedemento:

- Memoria de cada unha das actividades a desenvolver para as que solicita subvención, cubertos todos os seus campos, incluído un orzamento estimativo de gastos e ingresos.

- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando: 1) Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.
- Certificado da entidade que acredite a representación do/a presidente/a, acordo de solicitude e nomeamento do representante, composición da actual Xunta Directiva da entidade, número de persoas asociadas da entidade, encadre das actividades dentro dos fins da entidade, e inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns do Concello de Narón.
- Declaración responsable dos gastos totais da entidade.
- Declaración responsable dos ingresos totais da entidade.
- Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

Cando os documentos esixidos neste apartado xa estivesen en poder do Concello e non se producisen modificacións no seu contido, o/a solicitante poderá identificala como información accesible, e acollerse ao establecido no artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar esta circunstancia, especificando o ano en que foi presentada dita documentación e o número de expediente correspondente.

Artigo 8.- Declaracións responsables

O artigo 22 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social será mediante a presentación das correspondentes certificacións administrativas positivas, expedidas polos órganos competentes.

O artigo 24 da mesma norma permite a substitución das certificacións anteriores por unha declaración responsable, no caso de que as subvencións sexan destinadas a financiar proxectos ou programas nos que a contía a outorgar non supere o importe de 3.000,00 €.

Por tal motivo, ao establecerse na presente convocatoria que as subvencións que se concedan o será en contía inferior a 3.000 euros, a presentación das certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, quedan substituídas por unha declaración responsable do/a presidente/a de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social, que figura incorporada á solicitude da subvención.

De acordo co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todas as declaracións responsables que se presenten coa solicitude estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención, en tanto non sufran variacións.

Todas as declaracións responsables que se presenten coa solicitude serán cubertas nos modelos oficiais facilitados polo Concello de Narón.

Artigo 9.- Publicidade

- En aplicación do artigo 7 da Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Narón (BOP nº 121 do 27/06/2023), publicitarase en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:

- 1) No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda "Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2024", segundo o modelo do Anexo A7.
- 2) No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo A7.
- 3) A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.

Artigo 10.- Criterios de valoración de determinación da contía da subvención

O outorgamento das subvencións ás entidades asociativas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal atenderá aos principios de obxectividade e igualdade.

Computarase en positivo, na baremación das subvencións municipais, a presenza de mulleres nos órganos directivos das entidades asociativas solicitantes.

A contía da subvención a conceder a cada entidade estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos.

Serán criterios de valoración de acordo co establecido no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, os seguintes:

1.-Interese xeral da actividade para o municipio: ata 10 puntos.

Está dirixida á poboación xeral do municipio	10 puntos
Está dirixida a un colectivo específico	5 puntos
Está dirixida so ás persoas socias da entidade	3 puntos

2.-Déficit de actividades sociocomunitarias análogas: ata 10 puntos

Actividades que non ofrece o Servizo Sociocomunitario ou que non pode chegar a toda a poboación pola demanda que existe	10 puntos
Actividades que son ofrecidas polo Servizo Sociocomunitario	3 puntos

3.-Calidade e cumprimento formal do expediente que facilita a economía da tramitación: Ata 10 puntos.

Claro, e non presenta dúbidas a solicitude	10 puntos
As dúbidas se aclaran coa documentación	8 puntos

Dúbdas que non se aclaran coa documentación	4 puntos
---	----------

4.-Contribuír a unha programación da calidade: ata 10 puntos

Alta calidade. 5 dos criterios	10 puntos
Bastante calidade. 4 dos criterios	8 puntos
Media calidade. 3 dos criterios	5 puntos
Baixa calidade. 2 dos criterios	3 puntos
Sen calidade. 0 dos criterios	1 puntos

Criterios de calidade:

- 1) Establecen claramente os obxectivos
- 2) Hai congruencia entre os obxectivos e os contidos das actividades
- 3) Establece unha temporalización congruente cos obxectivos e os contidos
- 4) Establece os recursos necesarios e son congruentes cos obxectivos, os contidos e a temporalización
- 5) Establece a avaliación dos obxectivos, as actividades, a temporalización e os recursos.

5.-Carácter innovador do programa: ata 10 puntos

Moi innovador. 5 dos criterios	10 puntos
Bastante innovador. 4 dos criterios	8 puntos
Máis/menos innovador. 3 dos criterios	5 puntos
Pouco innovador. 2 dos criterios	3 puntos
Non innovador. 0 ou 1 dos criterios	1 puntos

Criterios de innovación:

- 1) Contar con contidos e/ou métodos socioeducativos
- 2) Basearse na análise das necesidades existentes no contorno e/ou prever mecanismos de avaliación
- 3) Realización en coordinación ou xunto con outras entidades, ben no seu conxunto ou nalgún aspecto puntual
- 4) Promocionar os sectores da poboación máis desfavorecidos
- 5) Introducir a perspectiva de xénero e/ou medioambiental

6.-Carácter puntual ou continuo da actividades a subvencionar: ata 10 puntos

Continuo. Actividades que xeran grupos novos con carácter permanente e/ou estables (entre o 90 % e o 100 % do ano anterior)	10 puntos
---	-----------

Bastante continuo. Actividades que xeran grupos novos con carácter permanente e/ou estables (entre o 75 % e o 89 % do ano anterior)	8 puntos
Máis/menos continuo. Actividades que xeran grupos novos con carácter permanentes e/ou estables (entre o 50 % e o 74 % do ano anterior)	5 puntos
Pouco continuo. Actividades que non xeran grupos novos con carácter permanentes e/ou estables (entre o 25 % e o 49 % do ano anterior)	3 puntos
Puntual. Actividades que non xeran grupos novos con carácter permanentes e/ou estables (<24 % do ano anterior)	1 puntos

7.-Desenvolvemento e consolidación de rueiros ou lugares de parroquias do Concello de Narón, como espazo con idiosincrasia propia: ata 10 puntos

Entre o 75 % e o 100 % das actividades desenvolven e/ou consolidan os rueiros/lugares	10 puntos
Entre o 50 % e o 74 % das actividades desenvolven e/ou consolidan os rueiros/lugares	8 puntos
Entre o 25 % e o 49 % das actividades desenvolven e/ou consolidan os rueiros/lugares	5 puntos
Entre o 1 % e o 24 % das actividades desenvolven e/ou consolidan os rueiros/lugares	3 puntos
Sen actividades que desenvolven e/ou consolidan os rueiros/lugares	1 puntos

8.-Número de destinatarios aos que vai dirixida: ata 10 puntos

Máis de 100	10 puntos
Entre 75 e 99	8 puntos
Entre 50 e 74	5 puntos
Entre 25 e 49	3 puntos
Menos de 25	1 puntos

9.-Achegamento de financiamento propio, como mínimo do 30 %: ata 10 puntos

50 % ou máis	10 puntos
Entre o 45 % e o 49 %	9 puntos

Entre o 40 % e o 44 %	8 puntos
Entre o 35 % e o 39 %	7 puntos
Entre o 30 % e o 34 %	6 puntos
Menos do 30 %	0 puntos

10.-Actividades que sen a subvención serían de difícil execución: ata 10 puntos

O custo total das actividades está entre o 80 e o 100 % do orzamento da entidade	10 puntos
O custo total das actividades está entre o 60 e o 79 % do orzamento da entidade	8 puntos
O custo total das actividades está entre o 40 e o 59 % do orzamento da entidade	5 puntos
O custo total das actividades está entre o 20 e o 39 % do orzamento da entidade	3 puntos
O custo total das actividades está entre o 0 e o 19 % do orzamento da entidade	1 puntos

11.-Uso da lingua galega na actividade: ata 10 puntos

100 % actividades son en galego	10 puntos
Entre o 75 % e o 99 % das actividades son en galego	9 puntos
Entre o 50 % e o 74 % das actividades son en galego	8 puntos
Entre o 25 % e o 49 % das actividades son en galego	7 puntos
Menos do 25 % das actividades son en galego	6 puntos

12.-Número de socios da entidade

Máis de 100	10 puntos
Entre 75 e 99	8 puntos
Entre 50 e 74	5 puntos
Entre 25 e 49	3 puntos
Menos de 25	1 puntos

13.-Presenza da muller nos órganos directivos das entidades: ata 10 puntos

50 % ou máis de mulleres	10 puntos
Entre o 40 % e o 49 % de mulleres	8 puntos
Entre o 30 % e o 39 % de mulleres	5 puntos
Entre o 20 % e o 29 % de mulleres	3 puntos
Menos do 20 % de mulleres	0 puntos

Artigo 11.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes consonte se establece no artigo 4, comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, e notificada ao interesado.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Alcaldía.

Artigo 12.- Notificación e recursos

A resolución que conceda ou denegue a subvención será notificada á entidade solicitante, de acordo co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Na mesma indicárase ao interesado que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa, e contra este acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou ao seguinte do día en que se considere desestimada por silencio administrativo.

Artigo 13.- Reformulación

Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo de 10 días desde a notificación da resolución, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular

a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución de concesión.

Artigo 14.- Pago da subvención

Tendo en conta que as subvencións concedidas serán por importe inferior a 3.000,00 €, serán pagadas anticipadamente, sen necesidade de constituír garantía, mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude, coa obriga de xustificar o importe concedido.

Artigo 15.- Prazo e forma de xustificación da subvención

Se o acordo de concesión fose adoptado antes do mes de decembro de 2024, as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación antes do 31 de xaneiro de 2025.

No caso de que a concesión fose acordada no mes de decembro de 2024 ou con posterioridade a esta data, as entidades beneficiarias disporán dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación do acordo de concesión, para presentar a xustificación.

A xustificación deberá axustarse ao establecido no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, modalidade de "conta xustificativa simplificada".

A presentación da xustificación, asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación o institución, segundo o modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

- Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/20015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.
- Que nin a entidade nin o declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no artigo 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e /ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.
- Que a entidade está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.

Así mesmo, coa solicitude, deberán acompañar a seguinte documentación, segundo os modelos oficiais que figuran na Sede electrónica neste procedemento:

- Unha memoria técnica xustificativa por cada actividade realizada.

- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando: 1) Se a entidade ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.
- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.
- Unha relación clasificada dos gastos e inversións por cada actividade subvencionada, na que constará con claridade o concepto do gasto realizado, período de prestación do servizo ou a data do subministro, nº da factura, proveedor, importe total da factura, importe que se destina ao proxecto/actividade, importe que se imputa, data da factura, data de pago, forma de pago, así como os totais de cada columna, orzamento inicial, orzamento final e desviación.
- Un exemplar da publicidade realizada, segundo se especifica no artigo 9 destas bases.

No caso de que fora necesario realizar requirimento porque a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, só se admitirán as correccións solicitadas, non podendo ser alterada a relación clasificada de gastos presentada inicialmente (nin engadir nin eliminar gastos), coa excepción de que unha das causas do requirimento sexa a corrección deste anexo.

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ao establecido no artigo 10.1.10 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e á instrución da Intervención Municipal de data 18 de maio de 2023 na que se establece a porcentaxe de xustificantes de gastos a comprobar, o órgano instructor comprobará o 50% dos xustificantes de gasto dos/as beneficiarios/as aplicando a mostraxe aleatorio simple, deixando constancia no expediente, mediante informe, do seu resultado.

As facturas ou documentos de gastos que sexan requiridos para a realización da mostraxe, deberán ter unha dilixencia con indicación do importe imputado á subvención concedida polo Concello de Narón, así como as correspondentes a outras subvencións concedidas por outros organismo para a mesma finalidade, de ser o caso.

O Servizo Sociocomunitario emitirá informe do resultado obtido da mostraxe, que quedará incorporado ao expediente xeral.

O importe a xustificar será, como mínimo, o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non acadase o 100 % do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será, como mínimo, o total da subvención concedida.

No caso de que unha entidade xustifique a totalidade do proxecto subvencionado, independentemente de que as distintas partidas de gastos que compoñen dito proxecto se vexan alteradas nos seus importes finais respecto dos iniciais, terase en conta o importe total do proxecto no seu conxunto.

A xustificación presentárase xunto coa documentación correspondente na Sede electrónica do Concello de Narón.

Artigo 16.- Gastos subvencionables

Se considerarán gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024. O pago efectivo destes gastos deberá realizarse con anterioridade á data de presentación da documentación xustificativa .

Poderán presentarse gastos de funcionamento da entidade (material de oficina, gastos de comunicación, agasallos...), ata un máximo dun 20 % do gasto total xustificado. Nas excursións ou viaxes só poderán xustificarse os gastos de desprazamento, imputándose só a parte asumida pola entidade.

Non serán subvencionables os gastos de alimentación, incluídas as bebidas, tabaco, ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, nin comidas que non sexan o motivo da actividade subvencionada.

Na xustificación da subvención non se admitirán como gastos subvencionables os que correspondan a actividades non incluídas no orzamento inicial presentado coa solicitude da subvención, nin a actividades para as que non foi concedida subvención.

As entidades utilizarán, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditar mediante documento financeiro (transferencia bancaria, tarxetas bancarias, cheque ou talón nominativo, etc..), no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

Cando se inclúan gastos de persoal, deberán constar na Relación clasificada de gastos e inversións, en consonancia co período en que interviñeron na actividade.

Artigo 17.- Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas das entidades beneficiarias destas subvencións:

- Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.
- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases desta convocatoria.
- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividades obxecto da concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes, e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.
- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- Non modificar a programación das actividades subvencionadas.
- Facer constar a colaboración do Concello de Narón en toda a publicidade, en lingua galega, que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera).

As entidades beneficiarias incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán

dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada lei.

- h) Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc.) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago.
- i) Realizar as actividades no período establecido nesta convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria.
- j) Relacionarse co Concello de Narón a través de medios electrónicos, para a realización de calquera trámite relacionado con esta convocatoria.

Artigo 18.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos no artigo 12 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

As entidades poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o artigo 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións

Deste xeito, cando unha entidade decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da subvención que lle foi concedida polo Concello (por manifestar renuncia á subvención, presentar conta xustificada por importe inferior á subvención, etc..), poderá realizar o ingreso, cos intereses de mora que, no seu caso, procedan, mediante transferencia bancaria á conta ES1520800235913110000017, indicando no concepto da transferencia "Reintegro subvención ano 2024".

Artigo 19.- Modificación da Resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 20.- Criterios de gradación por incumprimento da obriga de xustificación.

O criterio de aplicación para determinar a cantidade que debería ter percibida a entidade, e no seu caso, o importe a reintegrar, responderá ao principio de proporcionalidade, e se calculará aplicando a porcentaxe entre a obriga total de xustificación e a cantidade realmente xustificada.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que o importe xustificado sexa inferior ao 50% do orzamento da actividade subvencionada, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que procederá o reintegro da totalidade do importe concedido.
- No caso de que se xustifique un gasto do 50 % ou maior, e menor do 100 %, procederá o reintegro da parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique o gasto polo 100%, entenderase xustificada a subvención na súa totalidade.

Artigo 21.- Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións.

Artigo 22.- Normas de aplicación

En todo o non previsto na presente convocatoria, a concesión ou denegación destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

Artigo 23.- Datos de carácter persoal

En todo o procedemento aquí regulado darase cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Artigo 24.- Publicación do anuncio da convocatoria

A presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello. Publicarase un anuncio da mesma nun xornal de difusión na comarca, con indicación do obxecto e finalidade das subvencións, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación de solicitudes, e a oficina municipal onde se pode obter información.

